

ASUNTO: APLICACIÓN DA RESOLUCIÓN REITORIAL DE 15 DE SETEMBRO DE 2014  
NO CURSO 2015/2016.

Para atender as peticións de estudantes que aínda permanecen en titulacións en proceso de extinción e que, faltándolles pouca carga académica para finalizar os seus estudos, non poden optar á avaliación curricular e que solicitan a finalización dos seus estudos pola anterior regulación, acordouse ditar a resolución reitoral de 15 de setembro de 2014.


Deste xeito, sempre que non se extinguiase a titulación e co obxecto de facilitar a conclusión dos estudos polos plans en proceso de extinción, nos supostos de adaptación obrigatoria por estar as materias extinguidas e non poder optar á avaliación curricular, coa autorización do centro, o alumnado ao que lle resten como máximo 12 créditos para rematar a súa titulación poderá matricularse no grao que a substitúe nas materias que o centro considere que teñen correspondencia.

O alumnado que xa realizara a matrícula por esta vía no curso 2014/2015 e non superara as materias cursadas, poderá volver a matricularse delas, sempre que se cumpran os requisitos establecidos na resolución reitoral.

O alumnado autorizado polo centro matricularase por esta vía do 3 ao 21 de agosto de 2015.

Vigo, 03 de xullo de 2015

A Vicerreitora de Estudantes



*Dolores González*  
Asda. Dolores González-Álvarez

